

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

CEIP PLURILINGÜE A LAXE

ÍNDICE

1.- INTRODUCCIÓN

2.- MARCO LEGAL

3.- DETERMINACIÓN DA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO

3.1.- Contexto sociolingüístico do centro.

3.2.- Situación do profesorado.

3.3.- Situación do alumnado.

3.4.- A ambientalidade lingüística do centro.

4.- ANEXO AO PEC

5.- ANEXO ÁS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS

5.1.- Elección das linguas a empregar (Decreto 79/2010), e Orde e Resolución de rede de Centros Plurilingües e Plurininfantil.

5.2.- Medidas adoptadas e actividades propostas.

5.3.- Plan xeral para o fomento da Lingua Galega.

5.3.1.- O emprego da lingua nas actividades do centro.

5.3.2.- Valoración positiva do uso do Galego na Comunidade Escolar.

5.3.3.- Mellora da competencia lingüística do profesorado.

5.4.- Plan específico do galego no ensino.

6.- ANEXO Á PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

6.1.- Obxectivos xerais.

6.2.- Actividades específicas.

1.- INTRODUCCIÓN

A persoa plurilingüe ten una identidade lingüística propia, xa que logo posúe varios códigos en contínua interacción. As aprendizaxes realizadas en varias linguas promoven o desenvolvemento da conciencia metalingüística e, ao mesmo tempo, inciden no desenvolvemento cognitivo.

O decreto 79/2010 de 20 de maio (DOG do 25 de maio) dedica o seu artigo 14 ao denominado Proxecto Lingüístico do centro (PLC) establecendo os seguintes puntos:

1. Cada centro, dentro do seu Proxecto Educativo, elaborará o seu Proxecto Lingüístico cada catro cursos escolares no cal se fará constar:
 - ✚ A decisión do centro educativo respecto da lingua en que se impartirán as materias.
 - ✚ As medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten.
 - ✚ Os obxectivos xerais e as liñas de actuación deseñadas polo centro para o fomento da lingua galega.
2. O Proxecto Lingüístico formará parte do Proxecto Educativo do Centro. Será redactado por unha comisión do profesorado do centro, designada polo Equipo Directivo, oída a Comisión de Coordinación Pedagóxica. Formarán parte dela, como mínimo, os xefes/as dos departamentos de linguas e o coordinador/a do equipo de dinamización da lingua galega. Será avaliado polo Consello Escolar do centro educativo.
3. Este proxecto remitiráselles cada catro curso escolares aos servizos de inspección educativa, que velarán para que o seu contido se axuste a este decreto e ao desenvolvemento da Lomce.
4. Anualmente, elaborárase unha addenda do proxecto lingüístico na cal conste:
 - ✚ Nos centros que imparten Educación Infantil, os resultados da pregunta aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado para obter información respecto da lingua materna predominante entre o alumnado, e as actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais.
 - ✚ En todos os centros en que haxa una modificación na impartición de materias en lingua(s) estranxeira(s), información sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola Consellería de Educación.
 - ✚ Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e información do que se vai desenvolver no curso seguinte.
5. Sen prexuízo do previsto no epígrafe 4, a Administración Educativa avaliará os proxectos lingüísticos dos centros e fará o seguimento dos resultados que se desprendan da súa aplicación coas finalidade de adoptar, se é o caso, as

medidas necesarias para garantir que o alumnado adquira de forma oral e escrita a competencia lingüística propia de cada nivel e etapa nas dúas linguas oficiais de Galicia, como establece o artigo 14.3º da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística.

2. MARCO LEGAL

O presente documento baséase na normativa vixente, tendo como principais referentes legais os que seguen:

- ✚ Lei 3/1983, do 15 de xuño de Normalización Lingüística.
- ✚ Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ✚ Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- ✚ Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de le lingua galega.
- ✚ Decreto 105/2015, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ✚ Instrucción para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal de Xustiza de Galicia.
- ✚ Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan os centros plurilingües na Comunidade Autónoma de Galicia e se establece o procedemento de incorporación de novos centros á Rede de Centros Plurilingües de Galicia.
- ✚ Resolución do 2 de abril de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regula o programa plurilingüe no segundo ciclo da Educación Infantil (Plurininfantil).

3. DETERMINACIÓN DA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO.

A análise sociolingüística realizada no centro con respecto ao noso contexto xeográfico e cultural está baseada na observación e no tratamento da información que se desprende do coñecemento das familias dos alumnos xa que, ao se tratar dun centro pequeno é sinxelo corroborar os datos por observación en contextos espontáneos como son as entradas e saídas ás aulas e as actividades en que participa toda a Comunidade Educativa xa que, no centro estudan sobre 60 discentes.

A característica principal do centro e o seu contexto é o emprego da lingua castelá por parte da Comunidade Educativa dado que case a totalidade dos alumnos son castelán falantes.

A maioría dos nenos e nenas coñecen en menor contía o galego. O certo é, que a moitos nenos/as, cústalles expresárense en galego máis aló da linguaxe automática e de cortesía e das ordes sinxelas, sendo a comprensión moito máis ampla.

3.1.- Contexto sociolingüístico do centro.

- ✚ *Lingua empregada habitualmente nas familias: Castelá.*
- ✚ *Lingua empregada habitualmente nas interaccións comunitarias: Galega.*
- ✚ *Lingua empregada polo Concello: Galega.*
- ✚ *Lingua empregada polas entidades asociativas do contorno: Galega.*

3.2.- Situación do profesorado.

- ✚ *Lingua habitual do profesorado: Ambas as dúas.*
- ✚ *Nivel de capacitación na actividade diaria: Todos os profesores teñen feito o curso de lingua galega.*
- ✚ *No caso de non ser suficiente ese nivel, que disposición ten para facer os cursos de reciclaxe e actualización necesarios para acadar unha capacitación suficiente: Total.*
- ✚ *Actitudes cara á utilización das dúas linguas sinaladas no decreto por parte do profesorado:: Totalmente positivas. O emprego das dúas linguas non supón ningún tipo de conflito.*

3.3.- Situación do alumnado.

- ✚ *Lingua utilizada habitualmente polo alumnado na súa vida cotiá: Castelán.*
- ✚ *Lingua empregada habitualmente no seu ámbito familiar: Galega e Castelán.*
- ✚ *Lingua utilizada habitualmente polo alumnado no ámbito escolar: Castelán, salvo nas materias específicas aprobadas para facer cumprir o decreto de plurilingüismo.*
- ✚ *Como é a competencia comunicativa en castelán e en galego que traen do curso anterior: Aceptable.*

3.4.- A ambientalidade lingüística do centro

- ✚ *Presenza da lingua galega na documentación administrativa, no rotulado do centro, nas informativas dos taboleiros: Total.*
- ✚ *Emprego da lingua galega nas comunicacións orais e escritas co alumnado, coas familias e con outras institucións pertencentes á autonomía: Total.*
- ✚ *Emprego da lingua galega nas interaccións co alumnado en contextos informais: 50% galego e 50 % castelán.*
- ✚ *Emprego da lingua galega por parte do persoal non docente do centro: Aceptable.*

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

- ✚ Emprego da lingua galega na realización das actividades extraescolares: *Inténtase combinar o emprego das mesmas dependendo das actividades e do seu contexto de realización.*
- ✚ Dotación de fondos en galego na biblioteca: 60%
- ✚ Presenza da lingua galega na utilización das tecnoloxías da información e da comunicación: *Empregamos tradutores nos procesadores de textos. Temos elaborada a páxina web do centro integramente en galego.*

4.- ANEXO AO PEC

Segundo o Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, no seu artigo 87.c, fixaranse os obxectivos do centro tendentes a obter a Normalización Lingüística, de acordo co Decreto 247/1995, do 14 de setembro, polo que se desenvolve a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística, para a súa aplicación ao ensino en lingua galega nas ensinanzas de réxime xeral impartidas nos diferentes niveis non universitarios. No artigo 64.1 do dito decreto, indícase que é competencia do equipo de Normalización e Dinamización Lingüística presentar, a través do claustro, propostas ao equipo directivo para a fixación destes obxectivos que se incluírán no Proxecto Educativo de Centro.

Tal como se indica no artigo 15º do Decreto 79/2010 que establece o novo marco normativo, a nova denominación dos antigos equipos de Normalización, arriba descritos, pasa a ser a de: *Equipos de Dinamización da Lingua Galega.*

Para acadar uns obxectivos reais, o equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG), partiu da análise do alumnado, do centro e do contorno socio-familiar levado a cabo neste Proxecto. Polo tanto, os obxectivos educativos que manifestan o sentir do centro no ámbito da Dinamización Lingüística son os que seguen:

- ✚ *Fortalecer e fornecer a lingua galega dentro da Comunidade Educativa.*
- ✚ *Empregar a lingua galega como vehículo de expresión nas relacións do centro, de carácter oficial, tanto internas como externas.*
- ✚ Fomentar o emprego da lingua galega na relacións externas e internas do centro que non teñan carácter oficial.
- ✚ Potenciar a valoración positiva do uso do idioma galego por parte de todos os membros da Comunidade Educativa.
- ✚ Mellorar, progresivamente, a competencia lingüística da Comunidade Educativa.
- ✚ Promover o coñecemento da realidade, cultura, historia, xeografía, economía e etnografía galega, por parte do alumnado, profesorado e familias.
- ✚ *Colaborar cos centros educativos do contorno, tanto na realización de actividades conxuntas, como na planificación lingüística das distintas etapas educativas.*

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

- ✚ Establecer reunións cos outros centros educativos do Concello, especialmente co IES Canido, para garantir a continuidade da planificación lingüística do alumnado.
- ✚ Dotar á biblioteca e ás aulas de materiais informáticos e audiovisuais en galego, e promover o seu uso
- ✚ Fomentar o emprego das TICs, con materiais específicos en galego.
- ✚ Promover relacións cos colectivos, asociacións, empresas e administracións do contorno que teñan incidencia na Comunidade Educativa, coa finalidade de galeguizar os espazos nos que a mocidade pasa parte do seu tempo de lecer.

5.- ANEXO ÁS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS.

5.1.-Elección das linguas a empregar (Decreto 79/2010), e Orde e Resolución de Rede de Centros Plurilingües e Plurininfantil.

Educación infantil:

Tendo en conta o resultado da pregunta efectuada aos pais/nais tal como se establece no punto 2 do Artigo 5 a lingua materna predominante elixida por maioría absoluta, foi o castelán.

No ano 2018/19 incorporámonos ao programa de Plurininfantil polo que se estamos a adicar unha sesión semanal en cada grupo na que empregamos a lingua estranxeira (inglés) como lingua vehicular e unha sesión de Música en inglés.

As tarefas que realizamos intégranse nas levadas a cabo nas titorías.

O traballo xira arredor de tres fíos temáticos ao longo do curso: proxectos de aula, proxecto do centro (biblioteca) e actividades complementarias e extraescolares.

As actividades organízanse en tres obradoiros a desenvolver ao longo dos tres trimestres: obradoiro de cociña, obradoiro das artes (musical e plástica) e obradoiro medio-ambiental, tendo un protagonismo significativo en todos eles a introdución das TIC e a figura da persoa auxiliar de conversa.

Educación Primaria:

Segundo dita o Artigo 6º no seu punto 4, e tendo en conta as materias troncais cuxo idioma de impartición establécense no punto 3, seguiuise o procedemento establecido no regulamento de centros, decidíndose as materias que se impartirán en galego e en castelán, *garantindo una distribución proporcional, e quedando como a continuación se indica:*

- ✚ EDUCACIÓN ARTÍSTICA MÚSICA: En galego.
- ✚ EDUCACIÓN ARTÍSTICA PLÁSTICA: En inglés.
- ✚ EDUCACIÓN FÍSICA: En castelán.
- ✚ RELIXIÓN E VALORES SOCIAIS E CÍVICOS: En castelán.
- ✚ AFONDAMENTOS E REFORZOS DE LINGUAS: En galego e castelán.

No curso 2018/2019 incorporámonos á Rede de Centros Plurilingües e Plurinfrantil na que implementaremos a materia de plástica en inglés en todos os cursos de Educación Primaria; e a materia de Música en inglés para Educación Infantil.

5.2.- Medidas adoptadas e actividades propostas.

Educación Infantil:

Á hora de tomar decisións sobre as medidas a adoptar para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten na etapa de Educación Infantil, teremos en conta os seguintes aspectos:

- ✚ Como aprenden os nenos e as nenas.
- ✚ Respetar o principio de globalización.
- ✚ Asegurar aprendizaxes significativas e funcionais.
- ✚ O rol que debe asumir o profesorado.
- ✚ A consideración do xogo como a actividade propia desta etapa.
- ✚ Necesidade da creación dun ambiente cálido e acoledor.
- ✚ Organización do ambiente de aprendizaxe: espazo, materiais, agrupamentos e tempo.
- ✚ Tipo de actividades.
- ✚ A coordinación entre todos os profesionais que interveñen.

As actividades básicas para esta etapa serán as seguintes:

- ✚ Xogos de carácter audiovisual.
- ✚ Cantar (cancións infantís, cancións populares...).
- ✚ Adiviñas.
- ✚ Representar obras teatrais.
- ✚ escoitar e contar textos imaxinativos e contos con imaxes.
- ✚ Emprego de materias específicos (quebracabezas, puzzles...).
- ✚ Emprego de software específico para traballar as TIC.

Educación Primaria:

Á hora de tomar decisións sobre as medidas a adoptar para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten na etapa de Educación Primaria, teremos en conta os seguintes aspectos:

- ✚ Toda actividade que realizan os nenos e nenas ao longo da xornada escolar é potencialmente educativa, nada do que se fai na aula resulta indiferente, e así é como debe considerarse na súa planificación.
- ✚ As actividades propostas deberían supoñer sempre un reto para o alumnado e mobilizar diferentes competencias na súa realización. A estas idades serán variadas e a súa duración debe estimarse en función do interese que susciten.

As actividades básicas para esta etapa desglósanse en actividades de carácter xeral e actividades de carácter lúdico:

ACTIVIDADES DE CARÁCTER XERAL

- ✚ Actividades de produción escrita (composición).
- ✚ Actividades de produción oral (ler, contar, presentar, interactuar, etc.).
- ✚ Actividades gramaticais (encher ocos, rematar oracións, etc).
- ✚ Actividades de vocabulario.
- ✚ Actividades de comprensión lectora.
- ✚ Actividades de comprensión oral.
- ✚ Desenvolvemento e análise de programacións na aula sobre contidos da materia.
- ✚ Chuvia de ideas, redes de vocabulario, etc.
- ✚ Emprego de materiais escolares variados destinados á didáctica da lingua.

ACTIVIDADES DE CARÁCTER LÚDICO

- ✚ Oraís (historias con erro: como, cando, onde, etc.
- ✚ Escritos (o xogo do aforcado, etc.
- ✚ Audiovisuais (o bingo das imaxes, o xogo das películas, etc.
- ✚ Xogos de taboleiro e de cartas (as palabras cruzadas, o Pictionary, o xogo da oca, Monopoly, etc.
- ✚ Charadas, mímica, etc.
- ✚ Pasatempos (encrucillados, sopas de letras, adiviñas, etc.
- ✚ Cancións populares.
- ✚ Recontar e reescribir historias.
- ✚ Representar un papel ensaiado.

5.3.- Plan xeral para o fomento da Lingua Galega.

Este plan consta, como dita a lexislación, de tres grandes apartados referentes a:

- ✚ **Emprego do idioma.**
- ✚ **A súa valoración positiva.**
- ✚ **A mellora da competencia lingüística.**

Para os obxectivos propostos en cada apartado acordáronse unhas medidas para a súa consecución, uns recursos a empregar -tanto persoais como materiais-, unha temporalización e a súa avaliación.

5.3.1.- O emprego da Lingua Galega nas actividades do centro.

OBXECTIVOS:

Empregar a lingua galega como vehículo de expresión nas relacións de carácter oficial, tanto internas externas.

Medidas para a consecución do obxectivo.

O desenvolvemento das tarefas dos distintos órganos de goberno e docentes realizarase en lingua galega. A comunicación do centro coas distintas administracións

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

	galegas farase sempre na lingua propia.
Avaliación	Procedemento: Observación. Responsable: Equipo directivo
Recursos	Materiais: Documentos oficiais e circulares informativas. Libros de rexistro. Libros de actas. Programacións didácticas. Persoais: Órganos de goberno. Órganos de coordinación docente.

Aumentar progresivamente o uso do idioma galego nas relacións de carácter non oficial, tanto internas como externas ao centro.

Medidas para a consecución do obxectivo.	Realizaranse en galego, na porcentaxe que establece o Decreto, (contacontos, festivais, celebracións...), aos que teña acceso toda a Comunidade Escolar. Toda a información trasladada ao profesorado e ás familias, oral ou escrita, farase empregando o idioma galego: notas informativas, reunións, pautas... Potenciarase o uso do galego por parte das familias, tendo en conta a análise sociolingüística feita no PEC.
Recursos	Materiais: Taboleiros informativos. Comunicacións... Persoais: Profesorado. Alumnado. Familias.
Temporalización	É unha medida permanente.
Avaliación	Procedemento: Autoavaliación. Responsables: Profesorado.

5.3.2.- Valoración positiva do uso do galego na Comunidade Escolar.

OBXECTIVOS:

Incidir na Comunidade Escolar, mediante a información e a explicación argumentada e científica, para vencer prexuízos cara ao galego e para promover actitudes favorables ao emprego do galego na escola.

Medidas para a consecución do	As especialistas en Educación Infantil poden transmitir mediante as reunións de titoría cos pais, conversas
--------------------------------------	---

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

obxectivo.	informais, pautas e observacións, á idoneidade do bilingüismo para calquera neno. Levar a cabo charlas-coloquio coa especialista en linguaxe do centro ou o orientador do DO en que se explique a natural adquisición de dúas linguas por parte do alumnado. Ter a disposición da Comunidade Educativa obras sobre o bilingüismo e as súas vantaxes.
Recursos	Materiais: Ensaio sobre a adquisición da lingua materna e outras linguas. Persoais: Profesores do centro.
Temporalización	Primeiro trimestre.
Avaliación	Procedemento: valoración cualitativa. Responsable: Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

Fomentar a adquisición da lecto-escritura en galego, coa perspectiva de que se converta no idioma base da aprendizaxe escolar.

Medidas para a consecución do obxectivo.	Adquisición de material de lecto-escritura en galego co obxectivo de traballalo no idioma.
Recursos	Materiais: Material de lecto-escritura. Unidades didácticas. Persoais: Titores do centro.
Temporalización	Todo o curso escolar.
Avaliación	Procedemento: valoración inicial, sumativa e final. Responsables: Titores e equipo de Dinamización.

Estimular nestas novas xeracións actitudes favorables que se traduzan nun uso xeralizado do galego, superando vellos prexuízos, presións globalizadoras e inercias negativas.

Medidas para a consecución do obxectivo.	Uso do idioma galego por parte dos mestres (como modelo) en distintas situacións. Consolidación da competencia lingüística en galego dos discentes mediante as sistemáticas correccións, por parte do profesorado, ante un mal uso lingüístico do idioma galego. Ver películas e contos das personaxes que máis os motivan, na lingua galega.
---	---

Recursos	Materiais: Películas, Xogos Clic, Coleccións... Persoais: Titores
Temporalización	Todo o curso
Avaliación	Procedemento: Continua. Responsables: Titores

Deseñar e levar a cabo unha campaña de sensibilización ante o uso do Galego, diversificada para os distintos membros da Comunidade Educativa.

Medidas para a consecución do obxectivo.	Traballar coas campañas anuais de Política Lingüística. Empregar o galego en materias transversais, como a Educación Vial ou ambiental para facer ver a versatilidade e funcionalidade do idioma.
Recursos	Materiais: Campañas de Política Lingüística. Persoais: Equipo de Dinamización da Lingua Galega.
Temporalización	Ao longo do curso, puntualmente.
Avaliación	Procedemento: observación e valoración das actividades ensino-aprendizaxe. Responsables: Titores.

5.3.3.- Mellora da competencia lingüística do profesorado.

OBXECTIVOS:

Garantir a plena competencia do profesorado para desenvolver a súa labor docente en galego.

Medidas para a consecución do obxectivo.	Achegarlles un resumo das novidades máis salientables en canto á normativa aprobada. Elaborar e difundir, a través do Equipo de Dinamización da Lingua Galega, materiais de apoio que faciliten o uso da lingua no ámbito docente. Fomentar accións encamiñadas a mellorar a competencia lingüística do profesorado para garantir o axeitado desenvolvemento da actividade docente. Pór ao alcance de todos as "Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego", publicada pola Dirección Xeral de Política Lingüística.
Recursos	Materiais: Dicionarios semánticos. Dicionarios de sinónimos.

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

	Dicionarios bilingües. Software en galego. Persoais: Membros do ENDL. Profesores do centro.
Temporalización	Todo o curso escolar.
Avaliación	Procedemento: valoración cualitativa. Responsable: Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística.

Achegar a lingua á casa do neno/a coidando a forma e o contido.

Medidas para a consecución do obxectivo.	Os nenos e nenas levan contos da biblioteca da aula e do centro en galego. Á entrada e á saída os pais poden observar os traballos dos nenos colgados nos corchos, co léxico galego que van adquirindo ao longo de todas as unidades didácticas.
Recursos	Materiais: Contos. Unidades didácticas. Láminas temáticas. Persoais: Titores/as.
Temporalización	Durante todo o curso escolar.
Avaliación	Procedemento: Valoración do/a titor/a. Responsables: Titores/as.

5.4.- Plan específico do Galego no ensino.

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega proporalle á Comisión de Coordinación Pedagóxica, para a súa inclusión nas Programacións Didácticas de Ciclo e Nivel, o plan específico para potenciar a presenza da realidade galega, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, literatura, arte, folclore, etc. no ensino.

OBXECTIVOS:

Potenciar a utilización da lingua galega como lingua vehicular no ensino.

Medidas para a consecución do obxectivo.	Para traballar a memoria auditiva verbal, empregar cantigas. Os docentes correxirán os erros lingüísticos significativos no ámbito da labor docente, tanto dentro como fóra da aula.
---	---

Recursos	Materiais: .Cancións, adiviñas, contos, trabalinguas, refráns... Persoais: .Titores. .Mestres especialistas.
Temporalización	Todo o curso académico.
Avaliación	Procedemento: observación da adquisición de léxico. Responsables: Mestres.

Incorporar nas programacións didácticas, sempre que resulte posible, a propia realidade, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, literatura, arte, e folclore galegos.

Medidas para a consecución do obxectivo.	Cada unidade intégrase na realidade da zona con visitas ás casas cercanas para ver como fan o pan, aos animais ou a horta, por exemplo. A cultura e literatura galega está presente na hora do conto, en que se presentan contos en galego, contos de autores galegos ou adaptacións de obras galegas coñecidas. Realizar, ao longo do curso, varias sesións de contacontos. Coñecemento do contorno (Concello).
Recursos	Materiais: Contos. Unidades didácticas. Granxas e hortas cercanas. Persoais: Titores. Veciños. Contacontos.
Temporalización	Actividades puntuais durante todo o curso e actitudes permanentes en canto a adaptación de cada unidade á realidade da zona.
Avaliación	Procedemento: Valoración dos titores. Responsables: Titores.

Celebrar as festas e costumes tradicionais galegos: magosto, samaín, nadal, entroido....

Medidas para a consecución do obxectivo.	Festexar de distintas maneiras as festas tradicionais, cun obxectivo lúdico e educativo. Transmitir o característico de cada festividade.
Temporalización	O día da festa e a semana previa

Avaliación	Procedemento: valoración da actividade segundo items como a participación da familia, a motivación do neno. Responsable: Claustro
-------------------	--

6.- ANEXO Á PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL.

Esta programación desenvolve os obxectivos educativos do PEC e os obxectivos de etapa e ciclo das Programacións Didácticas; alén diso, concreta o acordado para Dinamización Lingüística nos dous documentos do centro. Para este apartado existen uns obxectivos xerais e unhas actividades específicas.

6.1.- Obxectivos xerais.

- ✚ Proporcionar aos pais e nais toda a información que recaben do centro sempre en galego, tanto se se tratar de información oral como escrita salvo que soliciten o contrario.
- ✚ Usar a Lingua Galega nas reunións colectivas de grupo, ciclo... cos pais e nais.
- ✚ Empregar o galego nas entrevistas persoais do profesorado cos pais ou nais e os alumnos/as.
- ✚ Potenciar a colaboración da familia na vida escolar.
- ✚ Facilitar ao equipo de ciclo material axeitado para a incorporación da cultura galega no ensino.

6.2.- Actividades específicas.

As actividades específicas programadas lévanse a cabo durante todo o curso escolar con carácter estable.

- ✚ Lecturas apadriñadas.
- ✚ Familias lectoras
- ✚ Magosto e Samaín.
- ✚ Nadal.
- ✚ Día da Paz e a non violencia.
- ✚ Entroido.
- ✚ Día do Libro.
- ✚ Día das Letras Galegas.
- ✚ Confección do Xornal Escolar.

O Proxecto Lingüístico do Centro foi avaliado polo Consello Escolar na reunión ordinaria que tivo lugar o día 9 de outubro de 2018, sendo aprobado pola dirección do centro nesa mesma xuntaza.

A directora e presidenta do Consello Escolar.